

Alfredo Conde*

Autopoética

Son escritor. Seime, polo tanto, vítima e verdugo de min mesmo. Son sabedor de que padezo as máis grandes das miserias da miña condición, pero tamén algunhas das súas grandezas. Sei, igualmente, que non daría un ano de vida por escribir unha páxina inmortal, nin sequera unha man, acaso un dedo; ó mellor, un dedo, si; un dedo dos que non serven pra moito, ó mellor, dábao. Unha deda xa non, por se perdía o equilibrio, claro, non por outra cousa ningunha. Impórtame a vida moito máis cá literatura, pero a esta dedícolle aquela. Iso é todo.

Chegado a esta altura da miña vida, supoño que escribo porque non sei facer outra cousa. O que tampouco non me importa moito. Quérese dicir que non me incomodaría morrer de moi velliño sendo escritor en activo, dono dos meus pensamentos. Se pode, fágoo.

* Alfredo Conde naceu en Allariz (Ourense) no ano 1945. Estudiu na antiga Escola de Náutica da Coruña entre 1962-1966 e navegou como mariño mercante durante os anos 1966-68, ambos inclusive. A partir de 1982, foi Deputado no Parlamento de Galicia ó que chegou como independente polas listas do PSOE. Foi Conselleiro de Cultura entre outubro de 1987 e febreiro de 1990, fundador e primeiro Vicepresidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e, así mesmo, fundador e primeiro Presidente do PEN Club de Galicia. Na actualidade reside na «Casa da Pedra Aguda», situada no concello de Brión, preto de Santiago de Compostela, e exerce a profesión de escritor.

Entre as súas publicacións destacan os títulos das súas novelas *Contubernio catro do Tomé S.* (1978), *Come e bebe que o barco é do amo* (1978, reeditada con cambios e baixo o título de *O barco* en 1995), *Breixo* (1981, Premio da Crítica Galicia-1982 e da Crítica Española-1983), *Memoria de Noa* (1982, Premio «Chitón» de novela-1981 e «Icaro»-1984), *Xa vai o Griffón no vento* (1984, Premio «Blanco Amor»-1984, Premio da Crítica Española-1985, Premio Nacional de Literatura-1986 e Premio «Grinzane Cavour-1990»), *Los otros días* (1991, Premio Nadal-1991), *Sempre me matan* (1995). Tamén escribiu narrativa curta con títulos como *Mementos de vivos* (1974, 1988²), *Musica Sacra* (1990) e *A Casa de Adara* (1996), entre outros.

En poesía tirou do prelo *Mencer de lúas* (1968), á parte doutros poemas que viron a luz en publicacións varias. Tamén se achegou ó teatro coa peaña *A gaiola* (1995). Así mesmo, publicou unha longa entrevista con Fidel Castro titulada *Una conversación en La Habana* (1989). Na actualidade, e dende o ano 1995, asiste diariamente ás páxinas de *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, labor que xa exercera anteriormente durante varios anos en *La Voz de Galicia*, todo o cal permítenos contabilizarlle ata o momento uns tres mil artigos. Tamén escribiu guións para televisións e a letra para a *Gran Cantata Xacobeá* (1993), do compositor Roxelio Groba.

Parte da súa obra foi traducida a varios idiomas. Alfredo Conde é ademais conferenciante, condición que o levou a Universidades de diferentes continentes.

Son un escritor galego. Outros son escritores ingleses. Entre eles e mais eu, coma tales escritores, non hai diferencias. Entre a súa fala e a miña tampouco non as hai, máis ca de orde sintáctica, prosódica...e así. Entre o país deles e o meu, si que as hai, pero non contan á hora de escribir. A min non me contan. Quero dicir, xa o avisei no parágrafo primeiro, que son tan ambicioso ou lerchán, tan testán ou tan estúpido, tan ousado ou tan estólido coma pode selo calquera escritor do mundo, unha vez posto no transo de escribir e sexa inglés ou non.

O feito de que escriba en galego non quere dicir, nin máis, nin menos ca iso: que escribo en galego. Amén. Non penso nin en salvar a lingua, nin en salvar o país, nin en salvar ningunha outra cousa semellante. Nin sequera a min mesmo, e mira ti que me quero ben. Aviso diso, porque seica hai xente que si o pensa e ten espírito de vixiante da praia, de salvador ou redentor de almas.

Xa van alá os trinta anos de non sei se feliz maridaxe entre eu e máis esta miña fala, tan digna coma calquera outra. Púxenlle os cornos á fala unha soa vez, pero ben e a conciencia, como hai que facer as cousas. As outras aventuriñas, que se un artícu- lo aquí, que se unha trapalladiña alí, facémolas todos e temos unha lingua tan libe- ral e tan afeita a estas aventuras extraconjugais que xa nin se dá por enteirada. Recoñezo que non me queda mala conciencia logo delas. E aínda que me quedase ía ser o mesmo, total, non ía confesala.

A subela de papá

ou

Nas cousas do amor nunca se sabe

Non me contou moito, a penas lle din tempo, a verdade. O seu era ese inacabado discurso de sempre, feito a forza de sobrentendidos; ese discurso canalla que presupón, en quen o escoita, unha facilidade de dedución que resulta imprescindible e que non sempre ten por qué se dar. Non é que eu non a teña, que a teño, é que non me gusta arriscar opinións alí onde deben obrar feitos. Encetaba o discurso, parodiaba a palinodia, deixaba cabos soltos, e ti eras quen tiña que anoalos, entretecer a súa nenez como se fose a túa, sabendo xa que se trataba -porque así o deduciras, ou tal acordara o moi canalla- dunha mesta rede de afectos conturbados, unhas veces, contrariados, noutras oportunidades; conflictivos, sempre, dos que ti debías deducir calamidades alí onde ó millor tan só había afectos. Así o decidira el. Así tiñas que facelo. Por iso eu o odiaba tanto como pra confesalo agora, sen dilación ningunha.

Aquela mañá, ergueuse cedo e marchou sen a penas probar nada. Dixo: «Vou facer a inacabada crónica dos costumes habidos e dos por haber». E marchou. Eu xa sabía o que quería dicir. Era o xeito que tiña de sinalar que hai feitos, realida- des, que non existen porque ninguén quere velas. Cando falaba dos costumes por haber, a min entenrecíame. Parecíame que se estaba a referir á nosa vida en común.

non ver. Pero a rúa ten tamén as súas propias e ocultas realidades. E eu témolle a esas realidades. A min o que me vale é esta vida, allea a sobresaltos, que transcorre pouso e tranquila, chea de sosego. A min o que me vai é a axitación interior, non outra ningunha. Por iso gozo da capacidade de dedución que el me supuña e da que el tanto se aproveitaba. Divírteme ollar á xente e supor todo aquilo que a entreteñ, todo o que vai ocupar a súa mente nos minutos que han seguir. Axexo moito ás persoas cando camiñan, por exemplo, e sei no que van cismando, se se van ollar de esguello no cristal da tenda, se se van parar diante do trinque ou non, se van ir dentro mercar algo, ou se han seguir a camiñar rúa adiante. Paso moito do meu tempo así, nese estado dun aparente non facer nada que non responde á axitación interior que me conmove. E aprendo moito do comportamento humano, vaia se aprendo. Vai a vella morrendo e aínda vai aprendendo.

Por iso, eu o escoitaba falar e xa sabía o que estaba a pensar. Vía que se despedía de min e xa sabía, non só pola frase de adeus, senón mesmo polo ton da voz, pola inflexión da ollada, que nesas ocasión se viraba oblicua e descendente, cara a ónde podería endereitar os seus pasos. Cáseque sempre á rúa. Á maldita rúa. Coma se non tivese abondo co que xa tiña na casa. Esa mañá ó espertámonos empezou a falarme do seu avó. Xa está este coa teima recorrente, díxenme, pero escoiteino coma se fose a primeira vez que mo contase, que non a era, xúrollelo que non a era. «¡Ouh, o meu avó, que grande era, que quentes tiña as mans, que soave caricia na meixela a do seu bigote arpado e cano!» Decote empezaba así. Decote polo seu avó. Nin que os demais non tivesemos avós. Non quero confesar o «cuelgue» que eu tiña polo meu. Nin inducir en vostedes resposta deductiva ningunha. Cada un ó seu e que Deus bendiga cada rincón desta casa. Empezou co do seu avó e como xa mo contara tantas veces, a verdade, non lle prestei atención ningunha. Así que non lles podo asegurar cánto sigueu á primeira frase, pero a cadencia éralles sempre a mesma. «Non vos preocupedes que, se o neno chora pola noite, irei eu tapalo, vós durmide». O vello vivía con eles e sempre liberaba á filla e mailo xenro doutros deberes nocturnos que non fosen os do vínculo. «O sacramento é o sacramento» dicíame el a min, surrindo, cada vez que chegaba aí, a ese punto do seu discurso canalla e algo felón, e logo agarimábame nas partes. Eu deixábame facer. ¿Logo vostedes non se deixarían facer? Entón non sei de que se rin. Tampouco non lles sei, xa llo advertín, se sigueu por aí, ensarillando a palinodia, porque pra min teño que máis xente ca mín a ten escoitado moitas veces, por iso eu témolle tanto á rúa, ás realidades que hai nela e das que a máis da xente nada quere saber nunca. Non sei se me contou ou non o que xa tantas veces me tiña contado. O avó metíaselle na cama e agarimábao, cantáballe pra que se durmise e dáballes bicos, moitos bicos, cubríaos de bicos o seu corpiño enteiro e el deixábase facer, facéndose o durmido. O resto debíalo intuír ti. O moi canalla contábacho a guisa de somnolencia, de durmevela e coma se fose soñado máis que vivido; deixando aberta a fronteira da dúbida, a sospeita de que fose a súa imaxinación, os seus desexos de neno, as súas fantasías de adulto, quen guiasen o fío da súa narración e máis a ti, que o escoitabas, polo camiños da imaxinación polos que el desexaba que ti te aventurasases.

Esa mañá non sei ata onde chegou no seu discurso, ata onde cheguei eu nas miñas deducións. Había moito tempo que eu deducira que o seu avó lle facía unhas felatios, pecaminosas e cheas de baba, coma as que non sei qué escritor, arxelino ou cun amante arxelino, non recordo, xa confesou por escrito hai moito tempo. Por iso non lle prestei atención, xa coñecía o conto, xa deducira mil veces as felatios,

xa estaba ó cabo da rúa no canto das realidades que permanecen ocultas porque ninguén quere velas.

Todo ese discurso xa o sei de memoria dende hai anos e anos. En ocasións, mesmo aínda que se decatase de que eu non lle prestaba moita atención, continuaba falando ata se ir abandonando a min, que o agarimaba. Fíxense qué abandono non sería o seu que sempre me inducía a facer o amor de mañanciña cedo, a min, que decote o fixera pola noitiña, segundo me metía na cama, ata dar con el, que tiña a hora cambiada. Pero esa mañá ergueuse e marchou sen probar a penas nada. Nin probou o almorzo que lle preparei de contado, cando vin que abandonaba o leito, espido, decote durmía espido, saben, antes de que me ameazase veladamente co aquel da realidade oculta que se agacha tras das portas de calquera rúa. Ata esas ameazas eran velaiñas, que lles era moi sutil, el, moito. Non se poden imaxinar cánto.

Por iso pasei moi mala mañá. Malísima. Imaxinábao maiormente con vellos, non se me rían, que a imaxinación éelles a que é, temos a que temos, e hai que aceptar vivir con ela. Moi mala mañá, diciálles. Comíanme os ciúmes. ¿Onde tería ido el, a aquela hora, insatisfeito, pois eu non lle respondera? Póñanse no meu caso, fáganme o favor. ¿Ou é que a vostedes non lles pode pasar o mesmo nas súas casas? Salvando as distancias, claro. Pasei unha mañá horrorosa. Axitadísima. Xa lles dixen que a min o que me vai é a marcha da axitación interior. Embálome. Póñome a cismar e embálome. Non hai forza humana que me deteña. Cismo e cismo e son quen de imaxinalo todo. Por iso cando regresou, pasado o mediodía, funo levando o leito, funo levando e levando, conducíndoo alí, con teimosía e mimos, con moitas carantoñas, ouh, moito lle gustaban as carantoñas que lle facía. Non era pequena excitación a que eu tiña, chegada aquela hora e logo de cismar tanto.

Nin lle preguntei ónde andara. ¿Pra qué? ¿E logo non lles dixen que el mesmo se encargara sempre de potenciar a miña capacidade deductiva? Érame abondo con todo canto dera por suposto. Deitouse e propúxenlle unha de sado, botouse a rir, estaba feliz, agora que o penso igoal non fixera máis que dar voltas, cariacontecido, non sei se xa lles dixen que andaba no paro, dende que estaba no paro, afixérase moito a andar por aí, divagando. Propúxenlle unha de sado e funo atando polos pulsos ós largueiros da cama, primeiro, polas canelas despois, de xeito que quedase ben espatarrado. Gustábame velo, gustábame telo así, abandonado á miña luxuria, e a el tamén lle gustaba, ¿ou é que supoñen que me deixaría ter feito se non lle apetecese? Vostedes pensen o que fan nas súas casas, esoutra realidade oculta que non existe porque ninguén quere saber nada dela, porque ninguén quere vela, pensen niso e deixen que lles conte.

Amordaceino mentres lle deitaba palabras cariñosas nas orellas, espeléndolle o meu alento quente e húmido, sabendo ben o efecto que lle causaba o sentilo, que se abandonaba a min coma un canciño manso, coitado. Empecei a bicalo por todo o corpo. Como o teu avó, ¿ves?, como o teu avó, diciálle, e de cando en vez chamáballe o meu netiño. Meu netiño bonito, meu netiño. E el feliz, claro. ¿E logo non ía estalo? Calquera non. Pero non lle fixen a felatio. Ata aí non cheguei. Corteilla antes. Cando estaba ben erecta, corteilla a rentes. Non, el non se alporizou ó ver a subela que fora do meu papá, xa lles dixen que fora zapateiro, aínda que eu estudia-
ra, que mamá fora moi aforradora, ¡ai!, se lles contara. ¿Que non lles dixera nada?

si que nos fixeramos. Os ollos de espanto púxoos cando lla amosei, xa unha vez cortada, nas miñas mans. ¿Que que lle dixen? Iso sonlle cousas nosas. Dedúzano vostedes. Despois o que fixen foi deixar que se fora desangrando. Sangraba moito, si señor, tanto que me compadecín. Axitar, axitábase coma un poseso. E rosmaba, pero ninguén podía escoitalo. Só eu, que deducía os seus laios, intuía os seus berros, adiviñaba as súas palabras, porque maiormente aquilo era un gargarexo, nada intelixible. Pra algo me había valer a min a miña capacidade deductiva. Polo menos el traballáraa abondo. E compadecinme. Por iso lle peguei o tallo na íngoa, por se daba coa femoral, que non din, e lle abreviaba o espanto. Logo rebaneille o pescozo, pero só por lle acertar á primeira coa xugular. Non crean que lle dou tempo a sufrir moito.

Logo entroume a depresión e senteime enfronte del, no butacón que tiñamos ó pé da cama. Onde vostedes deron co outro charco de sangue. Si. Foi onde me emasculei eu. Corteimo tamén a rentes e dispúxenme a morrer ó seu carón. Antes erguinme e, sangrando coma sangraba, aínda tiven serenidade abondo e conciencia plena como pra poñer o meu e mailo del, xuntiños, nunha bandexa do tocador, antes de me dispor a morrer ó lado do corpo que máis levo amado na miña vida. Pero aí foi onde perdín a cordura. Entroume o pavor e púxenme a berrar. Logo que os veciños petaron na porta e lles abrín, caín sen sentido. Eses son os feitos. Eu non opino, opinen vostedes.

Cando vexan ós meus veciños, pídanelles disculpas da miña parte. Foi moito sangue o que viron. E déanlle tamén as grazas ó que recuperou os penes de enriba da bandexa e os meteu en xelo antes de os traer ó hospital. Deanlle as grazas, de verdade. Gústame pensar que o que me implantaron é o del. Non, sinais de rexeitamento orgánico non hai ningún, alomenos de momento. Si. Dicir, díxenlle que se non ía ser só pra min, non ía ser pra ninguén máis. Pero iso non ten valor ningún. É só unha frase. Léraa na prensa unha vez que unha de Pontevedra llo cortara ó seu home mentres estaba a botar a sesta. Durmidiño. Non foi ningunha ocorrencia propia. Ademais ela tirárallo a un can que o papou de contado e nin ocasión deu de pensar en coserllo de novo. Como a mín. Agora gustaríame ter razón é que fose tan pra min que o meu fose o seu, xa de por vida. Choro, cada vez que o penso. Paréceme dunha tenrura increíble. ¿A vostedes non? ¡Ouh, que insensibles! Aínda que algo de reparo me ha dar, se algunha vez ligo con alguén estando na cadea. Utilizarllo así, sen que el se enteire. Paréceme coma unha traición. Pero, claro, nas cousas do amor, nunca se sabe.

Casa da Pedra Aguda, mércores 11 de setembro, 1996